


ATENEA









49



Foto: Xoán Porto

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 49
Decembro 2021

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
SONIA MAURIZ PEREIRA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

CONTIDO

TRANSICIÓN ENERXÉTICA

Cando definimos os temas que íamos a preparar para esta última Atenea do año 2021, sabíamos que o contido ía ser complexo, tanto pola linguaxe como polos obxectivos que nos fixamos, trátase de abrir un espazo que combine información e debate, que nos achegue a entender os porqués desta etapa histórica, onde as políticas sobre o cambio climático, a descarbonización, a transición xusta, as consecuencias para a nosa comarca, para o noso concello, etc.

A grandes rasgos pretendemos situar que a transición xusta ou as políticas climáticas deben ser inclusivas, que promovan os dereitos humanos, civís, laborais, etc. Proporcionar recursos económicos suficientes para os procesos de eliminación do CO_2 e a creación de empresas alternativas que nos leve cara unha economía de cero emisións, para o cal é preciso unha regulación dos valeiros legais, sobre privacidade, sobre a robótica, sobre a intelixencia artificial, sobre a fiscalidade sobre as novas formas de traballo, de enxeño.

Na nosa comarca é preciso un programa de desenvolvemento rural / urbano con xestión compartida que coordine as administracións (todas) definindo unha escala de intervención que evite duplicidades e distraia competencias, que evite ocorrencias, que defina o liderazgo, a cooperación o asociacionismo, que promova a creación de "illas de desenvolvemento" de conectividade, de desenvolvemento industrial e alimentario, etc., hai espazo para elo, rematamos este inicio indicando algúns dos obxectivos que o Plan Integrado de Enerxía e Cambio Climático de España para o 2030 pretende acabar:

- Reducir as emisións de efecto invernadoiro nun 21%
- Lograr un uso das renovables do 42%
- Mellorar a eficiencia enerxética do 40%
- A xeración eléctrica en renovables do 74%

Si contemplamos os obxectivos para o 2050 seria acadar a neutralidade climática e unha redución do entorno o 90% en emisións de gases de efecto invernadoiro, desde esta ventá que desde Atenea pretendemos abrir prestaremos especial atención as políticas de desenvolvemento urbano, o trasporte colectivo, etc. tendo sempre presente que todas as previsións que se están a facer necesitan mobilizar recursos a fiscalidade, as peaxes, as renovables, os incentivos, a creación de ecosistemas de desenvolvemento que potencien as cadeas de valor, as redes intelixentes, a eficiencia enerxética en edificios e no trasporte público etc etc. . . . .

Noutro orde de cousas non se pode pechar este limiar sen facer unha mención especial o remate da "operación rescate" do patrimonio histórico do Ateneo Ferrolán, estamos agora nun proceso de clasificación do mesmo, temos acordado a realización dun acto de recepción con carácter institucional no que participará o Alcalde e o conxunto da Corporación, no que contamos con todos e todas as persoas socias que sen o seu compromiso non houbera sido posible, será previsiblemente na 2ª quincena de marzo coincidindo co aniversario da constitución do Ateneo.


#LIMIAR


XABIER M. DONGIL
Presidente do Ateneo Ferrolán


FACENDO HISTORIA

15 anos de arqueoloxía da UDC en Oriente Próximo




Ateneo Ferrolán
R/ Magdalena 202,
15402 Ferrol


de luns a venres,
de 11:00 a 13:30 h
e de 17:00 a 21:00 h


Visitas guiadas
baixo demanda:
fenollos@udc.gal


UNIVERSIDADE DA CORUÑA









Ateneo Ferrolán | decembro 2021 / marzo 2022

exposición

FACENDO HISTORIA

15 anos de arqueoloxía da UDC en Oriente Próximo

Fotografía: José Pardo



UN PARQUE FORESTAL NO MONTE FONTELO



Xoán Porto texto e fotos

No verán de 2020 a saída gradual do confinamento colleume con gana de volver ao monte e patear os camiños dos espazos naturais, vedados durante o máis duro da pandemia por mor da prohibición deambulatoria fóra dos perímetros e horarios decretados polas autoridades.

Ben preto do núcleo urbano de Ferrol, sobre a Estación Naval de A Graña, temos un deses espazos: o **Monte Fontelo** ou *Monte do Estado* como é coñecido polos veciños da zona. A meirande parte da súa superficie, que linda co perímetro desta instalación militar, pertence a unha única parcela de 578.028 m² de propiedade pública do Ministerio de Defensa.



Vista do Monte Fontelo desde Canido

Esta superficie forestal, moi visible desde Curuxeiras ou A Malata, está formada principalmente por dúas grandes masas: por unha banda temos un souto de gran valor que está incluído no corredor ecolóxico delimitado no Plan de Ordenación do Litoral da Xunta, e que está pendente tamén de ser incluído no catálogo de Espazos Naturais de Interese Local (ENIL).

A outra grande masa forestal estaba conformada por un eucaliptal que foi tallado nese verán de 2020 nunha superficie aproximada de 15 das máis de 58 hectáreas do *Monte do Estado*, o que representa máis da súa cuarta parte. Esta roza da especie exótica invasora levoume a reflexionar sobre os posibles usos sociais deste monte agora que está en condicións de ser reforestado.



Maquinaria forestal traballando no Monte Fontelo
(Ortofoto en Google Earth)

É unha tendencia crecente tanto no ámbito do ecoloxismo –coa organización de brigadas deseucaliptizadoras ou o desenvolvemento do concepto de custodia do territorio– como nas comunidades de montes en man común e as administracións públicas, a substitución das masas forestais exóxenas nos terreos da súa titularidade por especies de frondosas propias do bosque autóctono, para favorecer a calidade ecolóxica e a biodiversidade destes espazos e mellorar a protección contra os lumes forestais.

A parcela de titularidade pública do Monte Fontelo está declarada Zona de Interese para a Defensa Nacional. A súa superficie está dentro do perímetro das Zonas de Seguridade Próxima e Lonxana da Estación Naval, que someten a limitacións os usos destes espazos, aínda que a lexislación tamén permite outros usos sempre que sexan compatibles coas finalidades militares propias da zona.

Se algo aprendemos da pandemia e do confinamento é que as nosas cidades



O Monte Fontelo atesoura as mellores vistas panorámicas
De Ferrol e a súa baía


Imaxe do eucaliptal deforestado no verán de 2020, e á súa dereita, a minguada poboación de frondosas

non están preparadas para a vida ao aire libre, e que os seus espazos verdes axardinados e naturais son deficitarios en cantidade e calidade, mesmo en cidades como as galegas onde os límites entre o urbano e o rural moitas veces difumínanse.

Ferrol non conta con espazos periurbanos similares aos que existen en outras cidades galegas (o exemplo senlleiro, Vigo, conta cunha rede de 12 parques forestais). A creación dun parque forestal pode ser un revulsivo para reverter a infrautilización do Monte Fontelo e convertelo nun espazo máis ecolóxico –acrecentando a superficie da fraga xa existente– e multifuncional de acordo cos novos usos de lecer, culturais e deportivos que demanda a cidadanía no contacto co medio natural.

O uso público do parque forestal do Monte Fontelo é un proxecto realizable sen necesidade de alterar –e mesmo mellorando– a súa función principal como perímetro seguro das instalacións militares.



Coa consolidacion da nova masa forestal de repoboación con especies autóctonas e o seu aproveitamento (silvícola, micolóxico, produción de froiteiras, etc.), poderíanse introducir paulatinamente novas actuacións: creación de espazos de lecer, miradoiros panorámicos, merendeiros e zonas de esparexemento; espazos educativos como un centro de interpretación que integre aspectos paisaxísticos e patrimoniais; ou zonas adicadas á educación e a formación ambiental con aulas da natureza.

A recuperación das pistas e camiños, mediante actuacións brandas e reversibles, servirían para usos deportivos compatibles co coidado da reserva natural e produtiva. Outras actuacións poden recuperar o antigo refuxio de montañeiros que xa existiu, e que dinamizaría a zona para os deportes de montaña. O parque forestal podería integrarse nunha rede de sendas homologadas e camiños, recuperando a ruta circular das Vistas de Ferrol ou o percorrido da Batalla de Brión, e outros aínda existentes como Marcha Costa Ártabra de 50 km.

A creación do parque forestal ten que acompañarse dun plan viario e de transporte público, para garantir a mobilidade, cuns accesos por estrada adecuados e proporcionados ao carácter natural do espazo. O acceso peonil desde a cidade será máis doado cando entre en servizo a pasarela da ponte do ferrocarril ao Porto Exterior.


Eucaliptos e a implantación de macroeólicos ameazan a biodiversidade e a riqueza paisaxística e patrimonial de espazos de Ferrol como o Monte Fontelo, merecedoras de figuras de protección.



As políticas de mellora da protección e a xestión da terra e dos bosques europeas habilitan mecanismos para financiar actuacións ambientais como as que se propoñen. Coordinar actuacións entre distintas institucións e administracións como Armada, Deputación ou Concello seguramente sexa o escollo máis difícil, pero a idea queda exposta sobre a mesa.

Sería ben fermoso que, por exemplo en 2026, data na que se cumpren os 300 anos da creación do Departamento Marítimo do Norte e do Real Arsenal e Estaleiro de A Graña, a simbólica efeméride tricentenaria quedara conmemorada para a historia non coa plantación dunha árbore, senón coa incorporación de todo un bosque aberto ao uso da cidadanía de Ferrol.

NOTAS AO TEXTO:

1. Temos algún exemplo ilustrativo das posibilidades de uso cívico do monte nesta noticia da Armada sobre unha xornada de convivencia para estudantes de ESO adicada *"á formación en montaña, para o cal prepárase unha acampada no monte Fontelo, cercano á ESENGRA, onde proceden á montaxe de tendas. Ao longo da tarde realiza rápel, coa supervisión de persoal do Tercio, prácticas de orientación e manexo de mapas e compás, clases prácticas de camuflaxe e unha pequena marcha ao solpor"*. Boletín Informativo para Personal (número 135, 2012).

2. Existe, cando menos, unha proposta para a mellora das comunicacións entre A Graña, San Felipe, Valón e Brión, coa creación dunha comunicación directa entre a Estación Naval e os polvoríns da Armada en Mougá utilizando os trazados e camiños xa existentes na parcela militar e *"priorizando a minimización da afección medioambiental sobre o desenvolvemento dun trazado de gran velocidade"*.

DA VIA DO TREN Á ESTRATEXIA PODCAST

RADIO FENE 1984-2021

HENRIQUE M. SANFIZ RAPOSO
Director de Radio Fene



Radio Fene empezou as súas emisións de xeito oficial en setembro de 1984. A 31 de decembro dese ano, o plantel de Astano compoñíase de 5562 traballadores dos que preto de 3.000 residian en Fene. Dende meses atrás sucedíanse en toda a comarca e en Galicia, mobilizacións contra o proceso de reconversión naval. A administración anunciara o "probabel" peche do estaleiro de Perlío e as protestas foron intensas, constantes e prolongáronse durante anos. Radio Fene efectuou un seguimento directo desas mobilizacións, o que lle facilitou un considerable achegamento aos seus ointes, maioritariamente traballadores de Astano ou os seus familiares. Emitironse distintos programas especiais de ata catorce horas de duración. Toda a comarca de Ferrol e incluso outros medios informativos, sabían que nese punto do dial ían atopar a maior e melllor información sobre o que estaba a suceder na factoria.

Os traballadores non aceptan a rescisión de contratos e a partir do 4 de xaneiro van acudir todos os dias as sete da mañá á factoria para reclamar alí o seu emprego. A esa hora diariamente celébrase unha asemblea na que acordan a medida de presión a realizar nesa xornada. En moitas ocasións cortan a vía do tren ao seu paso polas inmediacións do estaleiro, acción que a miudo é reprimida por unha nutrida dotación das Forzas da Orde Pública. Radio Fene retransmite en directo desde unha cabina telefónica o transcurso da mobilización. Lévase á práctica o "xornalismo do instantáneo", como facía a italiana Radio Alice no marzo de 1977 en Bolonia.

A existencia de Radio Fene permitiu unha maior difusión da problemática laboral de Astano, afondando nas razóns da crise do sector naval e na necesidade de diversificación industrial da comarca.
o: O Consello de Ministros aproba o 28 de decembro de 1987 o despido dos 1567 traballadores que ainda permanecían nos denominados Fondos de Promoción de Empregoe Emprego.



Elenco "Os incurábeis"

Fotografía: Xan Xe Corral

Estratexia podcast

O podcast é un formato en auxe xa desde hai unha década, pero a súa difusión no Estado español medrou en progresión xeométrica nos últimos anos. As radios locais para gañar o futuro semella que deben impregnar toda a súa programación da "estratexia podcast", é dicir, explorar a combinación de radio tradicional con niveis altos de calidade e difusión a través das redes sociais, tendo en conta os novos xeitos de escoitar a radio e de consumir información e entretemento. Nesa dirección Radio Fene emite desde finais de setembro o podcast "Os incurábeis", un programa de ficción dirixido por Eugenia Sanmartín con guión de Antonio Simón a partir da novela homónima publicada por Xerais a finais do 2020.



A voz de Cristina Mariño engaiolou á audiencia do podcast "Os incurábeis"

De xeito paralelo, Radio Fene, en colaboración con Son Radiofusión, asociación de amizade coa radio local, pretende intensificar o seu labor de dinamización social, cidadán e cultural coas seguintes iniciativas:

Todas esas actividades realízanse en colaboración con institucións e co tecido asociativo da comarca. Facémolo co convencemento da importancia da cultura para calquera recuperación económica e social.

Grupo Pedro Rico e Constantino López. Constituido o 9 de setembro de 2021 en Cabanas para afondar e divulgar a memoria histórica democrática.

Grupo Matilde Aranguren. Constituido o 7 de agosto de 2021 en Moeche para propiciar a posta en valor do patrimonio material e inmaterial, ,reflexionar sobre innovación pedagóxica e organizar rutas de interese.

Merlín e Familia. Grupo de teatro que xa gravou o podcast "Os incurábeis" nos meses de xuño, xullo e agosto. Presentado publicamente o 19 de setembro de 2021 en Fene.

A Fervenza. Grupo arredor da imaxe e da fotografía. Pretende activar a recollida de fotografía histórica da comarca e calquera outra actividade relacionada coa fotografía.

RADIO FILISPIM – COLECTIVO OPAII

Pepe Cunha
membro fundador e socio
Opaíí - Radio FilispiM



Pasaron xa seis anos desde que a historia de Rádio FilispiM fora contada pola maioría das súas protagonistas en "10 anos Conspirando por umha Rádio Livre - Rádio FilispiM", o documental dispoñíbel na Internet e dirixido por Óscar Quant. En media hora expóñense un feixe de dificultades, aventuras, opinións e críticas que axudan a entendermos o espírito e a idiosincrasia dunha emisora feita por persoas inquedas e posta ao servizo da comunidade. Por iso a Filispina é reflexo das persoas que en cada momento deciden participar dun xeito máis activo. Anóvanse as participantes, mais non se perde a referencia desa "vella garda" que hai en todos os colectivos e que durante a súa peripecia vital se vai botando a un ladiño para que entre a saiba nova que ha de circular e a árbore non esmoreza. Sobre isto, alguén di no documental que "El que se va sin que lo echen, vuelve sin que lo llamen" porque as portas están abertas e ese becho da radio e o compromiso fica dentro de cadaquén que por aquí pasou.





Sempre co noso decálogo "Quen somos?" como referencia, non como censura, a emisora é o que a xente queira dela, pois está á disposición de quen teña menos ou ningunha voz nos medios que se rexen por criterios comerciais, de audiencia e publicidade. Desde a independencia, seguiremos denunciando o machismo, os atentados contra as persoas desprotexidas, o medio ambiente e a natureza, picaremos música en galego e da escena cultural underground, expoñeremos discursos anti-imperialistas, poñeremos os seres vivos por diante da mera especulación económica ... En definitiva, escoitaremos o menos habitual porque queremos axudar a mudar as cousas a mellor, a sermos cidadás máis críticas e menos servís. Iso é o que foi e debería seguir sendo a Filispina.

> **"... pretendemos ser a emisora libre e comunitaria da Terra de Trasancos, unha comarca que sempre foi rica en movementos sociais e na que non entendemos o Concello de Ferrol á marxe dos seus veciños de Narón, Fene, Neda ou Mugardos."**



O que tampouco mudou é que, ao igual que as emisoras compañeiras doutros lugares do Estado, aínda agardamos que nos asignen unha frecuencia no espazo radioeléctrico, no dial do receptor. Trátase dunha loita de décadas que non debe esquecerse polo feito de que agora abonde unha oferta en liña de *podcast* que eclipsa a radio de sempre. Máis alá dun encontro de programas feitos aquí ou alá, unha emisora comunitaria ten un compoñente intrínseco de encontro físico, de convivencia e formación, de aprendizaxes varias, de compartirmos visións, proxectos e coñecementos. E nesta idea encaixou a nosa localización actual no Centro Cívico de Canido, onde fomos tan ben acollidos e nos sentimos un apoio máis á revitalización que está a ter lugar no barrio alto da cidade.

Porén, cómpre lembrar desde a nosa humildade de medios, que non somos nin radio de Canido nin de Ferrol, senón que pretendemos ser a emisora libre e comunitaria da Terra de Trasancos, unha comarca que sempre foi rica en movementos sociais e na que non entendemos o Concello de Ferrol á marxe dos seus veciños de Narón, Fene, Neda ou Mugardos. Por iso queremos seguir a achegar a emisora a colexios, institutos e asociacións, como faciamos co programa “FilispiM vai ...” até que chegou a pandemia, esa contra a que loitamos coa emisora a funcionar día a día malia non podermos empregar as instalacións do centro cívico.



E precisamente este edificio é testemuño dunha das decepcións dos últimos anos: a demora dunha *mampara*, unha pequena obra (com)prometida pola corporación actual e que resulta imprescindíbel para que de verdade o noso se pareza máis a un estudio de radio, defendido dos ruídos e as voces das usuarias do edificio.

Finalmente permítome lembrar que o colectivo Opaíí-Rádio FilispiM é unha asociación sen ánimo de lucro que até agora non pediu máis axudas que as cotas de socia e utilización dos equipos. Talvez decidamos nalgunha das nosas asembleas mudarmos esta postura sen perdermos a nosa independencia ideolóxica e económica, porque as melloras técnicas sempre son un reclamo anímico para facermos máis programas e de máis calidade sonora. Porén, por diante está recibirmos persoas que teñan ganas de participar, de iniciarse no asociacionismo, de dicir e escoitar o que non son os discursos máis habituais. Esa é a nosa prioridade porque, cantas máis sexamos, máis doado será estender a Filispina por medio de actividades complementarias como as sesións vermú, o mencionado "Filispim vai a …", máis programas colectivos e o que se nos ocorra. **Longa vida a Filispina!**





TRANSICIÓN ENERXÉTICA

UNHA AXENDA GLOBAL CARA O 2050

IAGO PÉREZ GONZÁLEZ

REDE de DECRECEMENTO



Que fai un artigo sobre a transición enerxética nunha revista como Atenea, que ten como obxectivos a defensa e a difusión cultural? Como avanzamos no limiar, esta necesidade, definida como non aprazable pretende frear o quencemento global do planeta desenvolvendo axendas como a da descarbonización cara o 2050, o que implica unha transformación con consecuencias a todos os niveis e na vida cotiá.

Sendo a cultura fiel reflexo do acontecer social, semella que o cambio terá importantes consecuencias sociais, quizais as máis importantes desde a revolución industrial. Podemos estar perante un fito tan senlleiro como os que marcan os pasos entre as idades da Historia.

Fotografías: Fernando Rivera

O que pretendemos con esta entrevista é comezar a elaborar un dossier que desenvolveremos nos vindeiros números con artigos, datos e puntos de vista sobre as posibles consecuencias sociais que carrexará o cambio de paradigma no consumo e na produción tal e como marcan as axendas da transición enerxética.

Esta primeira aproximación é unha achega ao significado e á cronoloxía do cambio do modelo enerxético perante a crise climática, falamos con Iago Pérez González, da Rede para o Decrecemento Eo-Navia Galiza O Bierzo.

Cales son os obxectivos mínimos que comprometeu o Estado español cara 2030?

Non poden ser máis ambiciosos e optimistas: reducir emisións de gases de efecto invernadoiro do conxunto da economía española nun 21% con respecto ás que se producían en 1990; que o peso das enerxías de orixe renovable no consumo de enerxía final acade alomenos o 42%; mellorar a eficiencia enerxética diminuíndo o consumo de enerxía primaria un 40%; e acadar unha xeración eléctrica en renovables do 74%.

Para cumprir os compromisos internacionais, España debe acadar a neutralidade climática antes de 2050 mediante a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nun 90%.

Estes obxectivos esixen cambios radicais tanto na industria como no modo de vida da sociedade. Por exemplo, a descarbonización traerá consigo o crecemento de certos sectores pero tamén a destrución doutros, e de aí vén o concepto de 'transición xusta' para tratar de compensar aos sectores máis afectados polo cambio.

“.. é obvio que se non hai rendemento enerxético non o vai a haber económico. Polo tanto, consecuencias socioculturais? Todas.”



A transición enerxética véndese como totalmente precisa.

Habería que facer unha distinción entre a visión voluntarista das empresas e os estados, que permea á meirande parte da poboación, por exemplo coa implantación masiva de solares, eólicos, etc.

Hai que desmontar o modelo produtivo do consumo fósil e a realidade física e económica que hai detrás. Non é tanto que decidamos dar ese paso adiante en contra do modelo establecido senón máis ben que xa levamos anos vendo sinais de esgotamento de certos recursos que non son como calquera recurso natural, teñen a característica especial de ser un recurso enerxético e por tanto condición necesaria da nosa matriz económica e que non están a funcionar como estaban a facelo



Se antes investíase o equivalente enerxético dun barril de petróleo para extraer practicamente 100 unidades –un rendemento practicamente máxico– hoxe en día, e dependendo do tipo de petróleo e o método de extracción, precisariamos máis de 30.

Cales son as súas consecuencias socioculturais?

É obvio, se non hai rendemento enerxético non hai rendemento económico. Polo tanto, consecuencias socioculturais? Todas!

O que se está a expor desde os gobernos e as grandes industrias, e tamén desde instancias como a Unión Europea, ten moito máis que ver con tentar manter un crecemento económico baseado na aposta polos eólicos, a solar... a famosa economía circular, capitaneada polo grande capital.

Pero esta aposta non semella moi real, porque iso que che din os políticos, os economistas, o grande capital, cando vas aos *papers*, ás publicacións ou os blogues dos matemáticos, físicos, científicos, enxeñeiros en nómina destes gobernos e empresas, eles non din o mesmo. Os datos din que imos cara un decrecemento económico.

Non vou facer epistemoloxía do discurso económico pero o PIB non é un medidor necesariamente de riqueza senón de actividade económica.

É dicir, poderíanse expor modelos distintos de economías con PIB menores, cunha actividade económica máis cativa, onde a vida das persoas non se viran terriblemente depauperizadas. Isto non sería un problema técnico, sería un problema cultural e sociolóxico.

Os gobernos piden a nosa colaboración para apoiar proxectos como a implantación de eólicos nos nosos montes. Son realmente necesarios este tipo de proxectos?
A pregunta é errada: non é que sexan necesarios, son futis e mesmo contraprodutivos, por exemplo no caso de macroproxectos como o de Valón, por unha razón moi sinxela, as nosas economías teñen un 18 ou 20% de electrificación e hai unha parte que se pode electrificar a maiores, pero hai outra parte que non. Poderiamos escalalo a un 24 ou 25% tal e como se move actualmente?

Hai toda unha serie de actividades económicas, especialmente no sector loxístico que nunca van ser electrificadas por unha cuestión meramente material porque non temos os materiais para facer certas cousas.

Se reflexionamos sobre a situación atopamos dúas cousas un pouco grotescas: por unha banda, por como se distribúen os plans e o seu financiamento podemos intuir unha tendencia a converter algúns lugares en periferias dun certo centro porque non se está a falar de distribuir electricidade para Galicia ou calquer lugar do Estado.

Iso non tería sentido na medida que a demanda agregada europea leva diminuíndo desde o ano 2009 no plano eléctrico, e en España moi sobradamente. Temos unha sobrecapacidade produtiva de electricidade tremenda. É certo que está principalmente distribuída en centrais de ciclo combinado, ou sexa gas natural, pero o gas non está a funcionar tampouco: se tomamos o noso principal provedor Arxelia, a súa demanda interna non para de aumentar e independentemente dos problemas con Marrocos ou con España, o problema que teñen eles é que ou consumen gas ou venden gas, non poden facer as dúas cousas. Hai unha parte que seguirán vendendo porque precisan ter as contas limpas igual que lle acontece a Rusia, pero nós non imos recuperar nunca o nivel de importación de gas arxelino de hai uns meses.

É máis, se non o transportaramos polo gaseoducto e o fixeramos por barco, teriamos que mobilizar o 11% da flota mundial de gaseiros e non temos ese poderío.



Cal é a intención de plans como o dos eólicos de valón?
Poñer os eólicos do Sur de Europa, nomedamente de España, a converter electricidade teoricamente renovable. Sería debatible se os eólicos son ou non son renovables, adianto xa que non son unha infraestrutura renovable, o vento si, claro! Pero parece ser que mesmo nos vindeiros anos teremos cada vez menos vento.

Por iso cando digo que instalacións como a da que falamos son contraproducentes é porque son unha aposta de empresas como Endesa ou Naturgy financiadas polas rendas das poboacións dos territorios e van repercutir nos seus petos de xeito máis ou menos directo.

A vida media destas infraestruturas é moi cuestionable e non ten sentido enerxético. Fálase moito de economía circular e de eficiencia. Se queres rendemento para aproveitar o vento hai receitas antiquisímas que funcionan cun grao de eficiencia moito maior. Cal é a diferenza?

Se instalamos muíños de vento máis pequenos, por exemplo para unha pequena industria, o aproveitamento desa enerxía pasaría a ser mecánico-mecánico, non hai transformación do vector enerxético e as perdas son menores. Este modelo require menos investimentos e o aproveitamento da enerxía é moito máis descentralizado. Coas tecnoloxías dispoñibles isto é totalmente viable, claro que non semella posible que a UE financie esta clase de proxectos a día de hoxe.


Fotografía: Facebook Rede Decrecemento

Iriamos cara unha industria máis local?
Estaría moito máis distribuída polo territorio.

Un dos handicaps aos que nos enfrontamos é a escaseza de materiais. Afondará nas desigualdades entre países se uns poden pagar suministros e os que non?
Non se trata tanto de poder pagar, pero ao mellor non resultan ser os países subdesenvolvidos os que non poden pagar, de feito hai pouco un gaseiro que viña cara a España deu a volta na metade do Atlántico porque China pagou a *multa* que se paga nestes casos e máis o montante dos materias que levaba e España, que supoñemos como un país desenvolvido.

A tecnoloxía proverá?
Iso ten que ver un pouco co sistema de crenzas. Dise que a xente cando deixa de crer en Deus cre en calquera cousa, e algo diso hai [di sorrindo].

A nosa xeración medrou cunhas grandes expectativas sobre a tecnoloxía, pero seguimos sen coches voadores. O tema da fe na tecnoloxía é unha superchería total, levamos dende o século XII cun proceso de aumento de sofisticación imparable, con matices e con épocas de estancamento. O que marca as diferenzas no caso europeo –e que ten que ver moito có desenvolvemento do capitalismo– é que sempre son tecnoloxías que van aparelladas a saltos na matriz enerxética, desde o Imperio español con Flandes vendendo téxtil de alta calidade. Aí xa se aproveitaba turba, xa non se queimaba leña, aproveitando vento para xerar enerxía mecánica pero sobre todo usando turba para xerar calor nas tinturas. Non moito máis tarde comezarase a aproveitar o carbón de verdade, e coa máquina de vapor xa non digamos.

Pero claro, que é o que fai aumentar a tecnoloxía? En certa medida,non é tan simple, pero se ti tes máis persoas, unha sociedade máis complexa e máis alfabetizada, pois lóxicamente iso fai que a tecnoloxía poida ir aumentando cualitativamente. Agora, o que non está tan claro é que nin a historia nin a historia da tecnoloxía sexan un vector en liña recta e unidireccional cara o progreso.

O progreso é máis unha crenza. Unha crenza que estivo ben no momento en que a realidade material así o avalaba, pero eu non teño nova de que se implantaron os trens nalgún país porque quedaran sen cabalos.

Arestora estamos a falar de que o uranio declina, o carbón declina, o petróleo declina, o gas natural tamén… e isto non é como o pan, que sube o prezo e xa, isto vai ter unhas conflitividades interestatais e sociais inmensas dentro dos propios territorios nacionais, e non parece que se estean a tomar decisións moi serias.

Por outro lado, que pasa cos países en desenvolvemento?
Desde un punto de vista moral non se lles pode pedir que non medren. Isto ten unha paradoxa detrás moi interesante. En Europa podemos ter un relato de *somos o máis... malo será que non apañemos... pois imaxinemos que... cousas miragreiras*. De aquí a cinco anos, aínda que mudemos o modelo económico e deixemos de usar combustible fósil –o que é imposible– non serviría de nada no debate do cambio climático, porque haberá outros países que o seguirán consumindo.

E na dialéctica da desigualdade, non teño tan claro que vaia aumentar. Porque iso da igualdade...se a pobreza se xeraliza a igualdade aumenta, por iso hai que ter coidado co tema. Eu non estou tan seguro de que as elites estean cabalgando este proceso foros que se creen. É evidente que hai persoas que pertencen ás elites que teñen certas cousas na cabeza, pero creo que a meirande parte destas persoas son reféns do modelo socioeconómico e cultural no que viven. Ti podes saber que algo está mal e ter moito poder e influencia, e hai camiños que ti tampouco podes percorrer porque non está permitido. Por dicilo dalgún xeito, a máquina non ten a ninguén ao volante.

E, por outra banda, elite tamén somos nós se miramos o mundo en xeral. No mellor dos escenarios creo que haberá unha destrución de elites e un empobrecemento xeral das condicións materiais de vida, que non significa que sexa unha condena á infelicidade, pero non van ser posibles unha serie de cousas como coller o coche para facer certas cousas o simplemente ter coche.

A solución do vehículo eléctrico é factible nas situación actual?
Ese cambio de modelo ten que ver co urbanismo e é moi interesante. Cando ti entras dentro da arquitectura empresarial de calquera empresa, procúrase que certo capital como as máquinas estean paradas o menor tempo posible, porque senón se amortizan máis lentamente. Sen embargo nós, na vida privada, deixamos parados os coches o 80 ou 90% da súa vida. Quizais habería que experimentar modelos de tenencia distintos pero en calquera caso e sendo camiños moi dignos de explorar –e parece que imos cara aí xa– o tema é que non é unha decisión social, de aquí en dez anos nun territorio como o noso non se van usar tanto os vehículos privados.

“Por dicilo dalgún xeito, a máquina non ten a ninguén ao volante.”

Fotografía: Facebook Rede Decrecemento

Os obxectivos da Axenda 2030 van mudar moito a nosa vida cotiá? Como ves esas recomendacións, consumo de carne, utilización de vehículos privados... pídennos colaboración á sociedade civil, pero como?
Estas mensaxes non buscan responsabilizar senón desmontar e paternizar. A mensaxe de non comer carne por exemplo, que clase de explotación gandeira temos en Galicia? Como comparalas coas explotacións de California?

Este tipo de mensaxes, como que un kilo de carne de vaca son 100 litros de auga... pero que auga é? de onde sae? E se che digo que 80 deses litros é auga que cae e non se aproveita pero a vaca si? onde está o problema? E sen embargo, para que medre o aguacate que abastece supermercados estanse a facer barbaridades co tecido hídrico natural do sur de España e transformando en secano grandes extensións?

Que por certo, e voltando aos eólicos de Valón, este tema é importante: como afectaría ao réxime hídrico destes montes? Unha desfeita, documentada polos técnicos da mesma empresa dos eólicos.









Hai intereses dos que non nos falan en proxectos como estes?
Pois por exemplo, no momento que se levan a acabo estes proxectos independentemente de que haxa unha rendibilidade real de venda de enerxía, o que si hai por parte das empresas é que esa terra está xestionada por eles ou é súa.

Non hai ningunha lei que diga que, nun momento dado, non poida ser comprada por outra empresa extranxeira. Galicia ten a día de hoxe no seu solo materiais moi interesantes para a industria, e con modelos de mineiría terriblemente contaminantes, como a ceo aberto, etc. Entón ti ao mellor pensas que te van colocar un eólico aí e que bueno, vai facer ruido, é molesto, mata paxariños... pero mira: o progreso. Pero pode ser que nuns anos a esa empresa non lle trema o pulso para degradar a terra sabendo que non vai ser xulgada en tribunais españois.

En resumidas contas, estes modelos de transición enerxética capitaneados desde o estado e desde Europa non son outra cousa que converter bens públicos, comunais ou privados de pequenos axentes económicos en propiedade de grandes capitais ou doutros estados.

En calquera caso paréceme que esta todo alineado a facer unha fuxida cara adiante e converter en periferia o que non o é aínda.

Son as renovables a solución a escaseza de recursos fósiles realmente? Pódese funcionar soamente con elas?
Pois este mesmo ano houbo un desaxuste na onda de corrente alterna no Oeste de Europa e houbo que cortar pola metade. E iso porque? Porque non é o mesmo coordinar 10 centrais térmicas de carbón que 250 muíños. Podería facerse pero encarecería moito o modelo. Eu creo que Europa vai facer o que no seu momento recomendaron os enxeñeiros –e non se fixo– para abaratar custes, porque este problema de sincronización é gravísimo e de feito todo este tema dos *apagóns* dos que se está a falar ten que ver coa sincronización e non co desabastecemento de recursos.

E logo é demasiada a infraestrutura requerida para producir enerxía, no espazo no que fas unha central de carbón de 10 mW de potencia non consegues nin 0,5 a nivel eólico.

O máis interesante dentro das renovables é a hidroeléctrica pero xa están explotados os principais recursos fluviais en Europa.


Fotografía: Facebook Rede Decrecemento

Non hai alternativas equiparables logo? E dicir, para manter o nivel de consumo.
Son moitas e pasan por consumir menos, pero non é unha decisión. Que ocorre? Que a meirande parte dos procesos nos que se gasta a enerxía no noso modelo ecónomico, investimos en actividades que en principio non parecen rendibles porque teñen un beneficio ecónomico, como por exemplo a obsolescencia programada...

Pero o cambio pasa por reducir o consumo, e ai veñen as consecuencias socioculturais.

Todo este proceso semella ocorrer de xeito global pero semella que as solucións irán cara o local?
Canto antes se poidan orquestrar as organizacións sociais absolutamente ao marxe do Estado e do mercado mellor para atopar alternativas, senón serán alternativas inmediatamente secuestradas, por unha razón moi sinxela: no momento que non hai crecemento no noso sistema socioeconómico, a única marxe para medrar que queda é o das empresas devorando a empresas máis pequenas ou organizacións máis pequenas. Autofaxia do capitalismo. E co estado o mesmo pero con mais perigo aínda, porque se as rendas acaban nas mans estatais e a disposición dos diferentes gobernos, pero se empobrece a vida material dos pagadores de impostos, isto é insostible.

O que pretendemos con esta entrevista é comezar a elaborar un dossier que desenvolveremos nos vindeiros números con artigos, datos e puntos de vista sobre as posibles consecuencias sociais que carrexará o cambio de paradigma no consumo e na produción tal e como marcan as axendas da transición enerxética.

Fotografía: Xoán Porto

FERROL

